

LINGUA GALEGA E LITERATURA

INFORMACIÓN SOBRE AS PROBAS DE SETEMBRO

O martes, día 1 de setembro, de 10:30 h. a 12:30 h. teremos o exame extraordinario de Lingua Galega e Literatura. En principio, vaíse facer presencialmente pero, no caso de que non se puidese, faríase *online*.

Aínda que xa vos mandamos ao voso correo particular do IES a información relativa á proba de setembro, decidimos poñela tamén na páxina web do centro. Deseguido vos enviamos os contidos (para todos os niveis de ESO e 1º de Bacharelato) que tedes que traballar para superar con éxito esta proba.

Queremos animarvos a traballar un pouco neste tempo de lecer, porque aprobar a materia é moi doado. Gozade das vacacións, pero estudade tamén. Hai tempo para todo! E non esquezades que se tedes algunha dúbida, algunha pregunta... podeades poñervos en contacto comigo a través desta dirección de correo: lmiguez@iesmendingo.com

Ánimo e feliz verán!

Contidos mínimos de 1º de ESO:

1. Comprensión adecuada á idade das ideas transmitidas nos textos.
2. Coñecemento e uso das regras de puntuación e ortográficas.
3. Organización formal dos textos. Expresión das ideas con coherencia, utilizando os nexos e conectores textuais máis comúns.
4. Utilización, oral e escrita, da lingua galega, da forma máis axeitada á situación comunicativa e para a elaboración de todo tipo de producións (diarios e cartas persoais, textos instrutivos e expositivos, literarios, etc.) atendendo ás súas diferentes estruturas formais.
5. Elaboración de resumos.
6. Utilización do vocabulario dos distintos campos semánticos tratados ao longo do curso e algunhas cuestións léxico-semánticas tamén traballadas na clase (familia léxica, campo semántico, sinónimos, contrarios).
7. Identificación do xénero ao que pertence unha obra literaria, recoñecemento dos seus elementos estruturais.

8. Dominio das cuestións explicadas na clase sobre morfoloxía (substantivos, adxectivos, demostrativos, posesivos, indefinidos e numerais).

Contidos mínimos de 2º de ESO:

1. Comprensión adecuada á idade das ideas transmitidas nos textos.
2. Coñecemento e uso das regras de puntuación e ortográficas.
3. Organización formal dos textos. Expresión das ideas con coherencia, utilizando os nexos e conectores textuais máis comúns.
4. Utilización, oral e escrita, da lingua galega, da forma máis axeitada á situación comunicativa e para a elaboración de todo tipo de producións (diarios e cartas persoais, noticias, reportaxes, crónicas, textos instrutivos e expositivos, literarios, etc.) atendendo ás súas diferentes estruturas formais.
5. Elaboración de esquemas.
6. Utilización do vocabulario dos distintos campos semánticos tratados ao longo do curso.
7. Identificación do xénero ao que pertence unha obra literaria, recoñecemento dos seus elementos estruturais e dos recursos estilísticos básicos.
8. Dominio das cuestións explicadas na clase sobre morfoloxía.

Contidos mínimos de 3º de ESO:

1. Construción de discursos adecuados a diferentes rexistros, coherentes e ben organizados.
2. Produción, en calquera formato, de textos escritos de diferente tipoloxía.
3. Uso correcto das normas ortográficas e morfolóxicas nos escritos.
4. Recoñecemento e uso das clases de palabras.
5. Segmentación de palabras en lexemas e morfemas. Uso e significado de prefixos e sufixos.
6. A literatura popular: características, xéneros e tipos.
7. Coñecemento das características das diferentes etapas da Literatura galega desde a Idade Media até O Pre-Rexurdimento.
8. Selección, lectura e comentario de textos representativos da Literatura Galega desde a Idade Media até o pre-rexurdimento.

9. Conceptos de Sociolingüística traballados na clase (lingua propia/lingua oficial; lingua minoritaria/lingua maioritaria; lingua hexemónica/lingua moiorizada; a lusofonía)

Contidos mínimos de 4º de ESO:

1. Comprender e interpretar textos propios da comunicación audiovisual, con especial atención aos de carácter argumentativo e publicitario.
2. Comprender, interpretar e producir textos orais de distinta natureza, utilizando as estratexias necesarias para falar en público, así como as TIC, amosando unha actitude crítica cara aos prexuízos e aplicando os coñecementos gramaticais para unha mellor expresión.
3. Comprender, interpretar e redactar (en papel ou en formato dixital) textos de diferente tipo: argumentativos, xornalísticos, publicitarios e de uso na vida cotiá.
4. Recoñecer e usar a fonética do galego.
5. Aplicar correctamente as normas ortográficas e morfolóxicas do galego.
6. Identificar a oración como un tipo de enunciado e analizar as relacións sintácticas entre os elementos que constitúen o predicado.
7. Recoñecer en textos propios e alleos a estrutura dun texto, así como a súa adecuación e os conectores que permiten cohesionar ideas e parágrafos.
8. Identificar os trazos que definen diferentes tipoloxías textuais, especialmente os textos argumentativos.
9. Describir e analizar a situación sociolingüística de Galicia, coñecer o proceso de normalización e evitar os prexuízos.
10. Coñecer os acontecementos relevantes da historia social da lingua galega desde 1916 ata a actualidade.
11. Recoñecer e valorar as variedades da lingua, e identificar a estándar como variante unificadora.

12. Identificar os distintos períodos e xeracións da literatura galega desde 1916 ata a a narrativa de posguerra.
13. Ler de maneira comprensiva, expresiva ou dramatizada textos de distintos xéneros da literatura galega desde 1916 ata a actualidade.
14. Elaborar traballos individuais ou en grupo, coa axuda das TIC, relacionados coa literatura galega desde 1916 ata a actualidade.
15. (Re)crear textos con intención literaria a partir dos modelos traballados na clase.

Contidos mínimos de 1º de Bacharelato:

1. Comprensión de textos orais e escritos e uso de técnicas sintetizadoras das ideas máis importantes.
2. Distinción entre os diferentes tipos de textos (narrativos, descritivos, expositivos, argumentativos...) e das súas principais características.
3. Coñecemento das clases de palabras e as súas características morfosintácticas.
4. Uso dunha ortografía e expresión correctas en textos variados.
5. Coñecemento da evolución do léxico da nosa lingua desde as súas orixes e as aportacións doutras linguas en diversos momentos da súa historia.
6. Resposta a cuestións léxicas dun texto: significados, sinónimos, substitucións, renovación léxica.
7. Coñecemento das principais etapas históricas e lingüísticas do galego
8. Coñecemento da diversidade lingüística en Europa e na Península Ibérica.
9. Coñecemento de conceptos de multilingüismo, plurilingüismo, lingua minoritaria e lingua minorizada, conflito lingüístico e diglosia.
10. Coñecemento dos xéneros literarios líricos medievais profanos, a súa tipoloxía e características.
11. Coñecemento do contexto histórico dos Séculos Escuros e das súas principais manifestacións literarias.

2º de BACHARELATO

Xa sabedes que o exame será semellante aos que fomos realizando ao longo do curso seguindo o modelo das probas das ABAU.